

Dura realidade

Con *Casa pechada*, Luz Pichel (Lalín, 1947) obtivo o XXVI Premio Esquíu de Poesía. Trátase dun poemario moi coherente tanto na estrutura como mundo que alberga. Sen complexos, abertamente, a autora fai gala dun pasado rural. Sen o pudor diglósico de moitos poetas pretendidamente urbanos, aquí noméase unha realidade agraria sen ostentación, mais con sinceridade e constancia. Unha dura realidade, pois a terra é o ámbito da infancia, o tempo en que os seres queridos vivían en irmandade co chan e coas árbores. Dura realidade porque se intúen ausencias que logo se fan claras: a morte do pai e a cancelación da casa, o abandono do fogar coa nai viúva.

Tampouco aforra dureza a autora no poema prólogo (un dos máis conseguidos do libro), onde aparece un gato que se lamenta como un can adoecido. De aí que o seu lamento: “Espétaselle a un no peito de por vida./Vai haber que o matar.” A destrución é algo natural, forma parte da natureza do universo. Por iso cando se

contempla a leña desde estas páxinas non é estraño imaxinala ardeno, queimándose toda para ser útil. Tamén a contemplación dunha árbore ateigada de froitos trae a reflexión: “pésanlle as pólas á figueira”. A fauna e a flora participan dos asuntos humanos, como na longa tradición da poesía galega (desde as cantigas medievais até Amado Carballo). E que dicir de personaxes que asoman no poemario como esta figura, que parece emanada das *Cousas* de Castela: “Quedou preñada a tola/dun ninguén./Apertou a barriga apertadiña/cunha corda das vacas./Botouse ao monte.”

Con íntima desolación



ROMÁN RAÑA



Formalmente atopamos estes textos epigramáticos intercalados entre os de longo folgo, chegando mesmo á prosa poética,

como no caso de “Os sons da noite”, desolada e onírica peza en que de novo a presenza dos mortos e da neñez campestre fai mella nos lectores prendéndose a unha emotividade magoadá. Porque, finalmente, esta entrega do Esquíu é isto: testemuña dolorosa do que foi, íntima desolación dunha poeta que, lonxe da Terra, regresa a ela e revive o seu pasado. O reencontro coa Terra convértese en reencontro co Pasado e da súa comunión nace o triste entendemento da ruptura. E tamén das ruínas porque a casa fechada, afinal, é como a terra erma.

PICHEL, Luz,
Casa pechada, Col. Esquíu,
Caixa Galicia, Ferrol, 2006,
83 páxinas